



CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA NOVE DE XULLO DE DOUS MIL QUINCE.

SESIÓN ORGANIZATIVA.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Roberto García Pernas.

Concelleiros:

D. Luis A. Vilasuso Seco

D. José Prieto Barro.

D. Carlos Alberto Guerra González.

D^a Tamara Paz Balsa.

D. Tomás Rodríguez Arias.

D. Antonio Riveira Requeijo

D. Mario Felix García Prieto

Dna. Isabel Campello Ares.

D. Óscar González Pardo

Dna. María do Mar Hermida Pico

Secretaría- Interventora:

Dna. Ana Elena Fernández del Valle .

No salón de sesións da Casa do Concello de Xermade, sendo as vinte horas do día nove de xullo de dous mil quince, xúntanse, en cumprimento do disposto nos artigos 195 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral e art. 37.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado por RD 2568/86 de 28 de novembro, en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros/as electos/as relacionados/as na marxe, co obxecto de constituír a Corporación municipal.

Foron asistidos pola Secretaría-Interventora do Concello Dona Ana Elena Fernández del Valle .

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

O Sr. Alcalde preguntalles aos señores concelleiros se desexan realizar algunha observación sobre a acta da sesión anterior de data 13 de xuño de 2015, de carácter extraordinario. Non producíndose intervencións o borrador da acta da sesión anterior resulta aprobado por unanimidade.

2.- DAR CONTA DA COMPOSICIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E DOS SEUS PORTAVOCES.

Pola secretaría do Concello dáse conta dos escritos presentados polos que se constituíen os grupos políticos da Corporación e se designan voceiros co seguinte tenor:



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

- Entrada 15 de xuño de 2015, nº rexistro 626.

Óscar González Pardo e María do Mar Hermida Pico, en calidade de concelleiros eleitos do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, ao abeiro do artigo 74 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galiza, e artigo 23 e seguintes do ROF, comparecen e DIN:

Que comunican a constitución do GRUPO POLÍTICO do BNG, no que exercerá como voceiro Óscar González Pardo e como suplente María do Mar Hermida Pico

- Entrada 17 de xuño de 2015, nº rexistro 639.

“Os abaixo asinantes, concelleiros/as do P.P. no Concello de Xermade, comparecen e como mellor en dereito proceda DIN:

De acordo co preceptuado nos artigos 74 e 75 da Lei 5/1997 do 22 de xullo da Administración Local de Galicia, veñen a constituírse en Grupo Municipal Popular no Concello de Xermade.

Asemade fan constar a súa decisión de designar a D. Tomás Rodríguez Arias, como voceiro municipal, e a D. Antonio Riveira Requeijo, D^a Isabel Campello Ares , e D. Mario Félix García Prieto como voceiros suplentes do Grupo Popular.

Por todo o anteriormente exposto, SOLICITAN:

Que se teña presentado este escrito de constitución de grupo político e de designación de voceiros municipais.

Asdo: Tomás Rodríguez Arias Asdo: Antonio Riveira Requeijo

Asdo.: Isabel Campello Ares Asdo: Mario Félix García Prieto

- Entrada 19 de xuño de 2015, nº rexistro 652.

D. Roberto García Pernas, D. José Prieto Barro, D. Luis Antonio Vilasuso Seco, D. Carlos Alberto Guerra González e Dona Tamara Paz Balsa, concelleiros do Concello de Xermade, elixidos nas eleccións locais de maio de 2015 pola formación política PSdeG-PSOE, para dar cumprimento ó establecido no artigo 74 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e artigos 23 e seguintes do R.O.F, e unha vez constituída a Corporación o día 13 de xuño de 2015, comunican á Presidencia desta Corporación a súa constitución como Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Xermade.

- De igual forma poñen no seu coñecemento que por acordo adoptado polas persoas que conforman este grupo, désignase como voceiro do grupo a D. Roberto García Pernas, e como suplentes do mesmo a D. José Prieto Barro, D.Luis A. Vilasuso Seco, D.Carlos Alberto Guerra González, e D.^a Tamara Paz Balsa.

O Concello Pleno dáse por enterado.

3.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO

Pola secretaría do Concello dáse lectura á proposta da Alcaldía que textualmente di:



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

“De acordo co artigo 46 da Lei 7/1985 de 2 de abril de base do réxime local, o Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada tres meses nos municipios de ata 5000 habitantes.

Esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

A C O R D O

PRIMEIRO.-*O Pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses, o segundo xoves de cada mes par (febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro), ás 20:00 horas. Se o día sinalado fose festivo, a sesión celebrarase o día hábil anterior a aquel, á mesma hora.*

SEGUNDO.-*Consonte co anterior, o Pleno celebrará a súa primeira sesión ordinaria o vindeiro 13 de agosto de 2015 .*

O Sr. Alcalde expón que se mantén a mesma proposta que na lexislatura anterior, retrasando a hora por motivos laborais dos concelleiros, e concede a palabra ós voceiros dos grupos políticos.

O voceiro do grupo popular D. Tomás Rodríguez Arias, di que ó seu grupo vaise abster na votación.

Toma a palabra o voceiro do BNG, D. Óscar González Pardo, e di que ó seu grupo propón unha periodicidade mensual, xa que a Xunta de Goberno Local nos concellos menores de cinco mil habitantes non é preceptiva polo que podería non acordarse a súa creación e así os asuntos municipais serían obxecto de estudo polo Pleno.

No segunda intervención, D. Tomás Rodríguez Arias di que un concello como Xermade a periodicidade mensual é excesiva dada a magnitude do mesmo.

Toma a palabra a concelleira do BNG D.^a María do Mar Hermida Pico, di que na anterior lexislatura o equipo de goberno tiña delegadas as competencias plenarias permitidas na Xunta de Goberno Local, e lembra que na anterior sesión constitutiva xa formulou proposta de non facer delegacións e tratar os temas nos Plenos, garantindo unha maior participación.

O Sr. Alcalde di que vai manter a proposta inicial de periodicidade bimensual, e sobre a hora expón que para a xente que traballa é mellor a hora proposta, ás oito da tarde.

A concelleira D.^a María do Mar Hermida Pico manifesta en relación co horario que se esquece o horario de traballo da maioría da poboación principalmente do sector gandeiro, que non pode asistir aos plenos. Apunta que sería mellor fixar un horario de mañá ou incluso os sábados, e que de tódolos xeitos deberíase buscar entre todos unha opción mellor.

Sometido o asunto a votación resulta:

- Votos a favor: cinco (PSOE)
- Votos en contra: dous (BNG)



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

- Abstencións: catro (PP)

Queda aprobado por maioría simple do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

PRIMEIRO.-O Pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses, ó segundo xoves de cada mes par (febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro), ás 20:00 horas. Se o día sinalado fose festivo, a sesión celebrarase o día hábil anterior a aquel, á mesma hora.

SEGUNDO.-Consonte co anterior, o Pleno celebrará a súa primeira sesión ordinaria o vindeiro 13 de agosto de 2015.

4.- CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, ESTABLECENDO A SÚA PERIODICIDADE E DELEGANDO COMPETENCIAS DO PLENO

Pola secretaría do Concello dáse lectura á proposta da Alcaldía que textualmente di:

“Ó abeiro do disposto nos artigos 20.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 35.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local existe en tódolos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, e nos de menos se así o dispón o seu regulamento orgánico ou o acorda o Pleno.

Consonte ó disposto no artigo 22.4 da Lei Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada ó mesmo pola Lei 11/1999, do 21 de abril, o Pleno pode delega-lo exercicio de súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, agás as enunciadas no número 2, letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l), e p), e no número 3 do devandito artigo.

Cómpre pois crear a Xunta de Goberno Local e delegar na mesma competencias.

Xa que logo, e en uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 e 23.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; 65 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 43.2 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986,

Propoño que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

-PRIMEIRO.- Crear a Xunta de Goberno local no Concello de Xermade, cos membros e periodicidade que se designen na correspondente Resolución da Alcaldía, da que se dará conta no seguinte Pleno.

-SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias plenarias:

1º. A aprobación de proxectos de obras e servizos, nos termos do artigo 22.2. ñ da Lei 7/1985 de 2 de abril

Deixar sen efecto tódalas delegacións que se tivesen realizado prol da Xunta de Goberno Local por parte do Pleno con anterioridade ó presente acordo.

-TERCEIRO.-Este acordo surtirá efectos dende o día seguinte ó da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

O Sr. Alcalde expón que a proposta é similar a da lexislatura anterior e que as delegacións do pleno na Xunta de Goberno Local son mínimas. Concede a palabra ós voceiros dos grupos políticos.

O voceiro do PP D. Tomás Rodríguez Arias di que o funcionamento do concello debe ser áxil, polo que é indispensable a creación da Xunta de Goberno Local, e que a Lei permite delegar competencias plenarias na mesma, de contía superior ó dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento, xa que no caso de querer tratar no pleno asuntos de menor contía sería por delegación das competencias da propia alcaldía. A intención que tiña era a de facer unha proposta de delegación das contratacións de contía superior ó tres por cento dos recursos ordinarios do orzamento.

D. Óscar González Pardo sinala que o BNG considera que na Xunta de Goberno Local deberían estar presentes representantes de todos os grupos políticos, e máis cando hai un equipo de goberno en minoría; en relación coa rectificación da proposta de acordo di que non se comunicou coa antelación esixida de corenta e oito horas.

D^a María do Mar Hermida Pico di que a Xunta de Goberno Local non é preceptiva nos concellos menores de cinco mil habitantes, e no caso de acordar a súa creación defende a participación de todos os grupos. Suprimindo a mesma, e celebrando plenos cada mes, aforrariáanse cartos, xa que por lei, a Xunta de Goberno Local debe celebrar sesión como mínimo dúas veces ó mes.

O Alcalde responde que en principio faría unha sesión ó mes, e D.^a María do Mar Hermida Pico di que de ser así estaría actuando por riba da lei.

Sometido o asunto a votación resulta:

- Votos a favor: cinco (PSOE)
- Votos en contra: dos (BNG)
- Abstencións: catro (PP)

Queda aprobado por maioría simple o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Crear a Xunta de Goberno local no Concello de Xermade, cos membros e periodicidade que se designen na correspondente Resolución da Alcaldía, da que se dará conta no seguinte Pleno.

-SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias plenarias:

1º. A aprobación de proxectos de obras e servizos, nos termos do artigo 22.2. ñ da Lei 7/1985 de 2 de abril

Deixar sen efecto tódalas delegacións que se tivesen realizado prol da Xunta de Goberno Local por parte do Pleno con anterioridade ó presente acordo.

-TERCEIRO.- Este acordo surtirá efectos dende o día seguinte ó da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

5 - CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

Pola secretaría do Concello dáse lectura á proposta da Alcaldía que textualmente di:

“Considerando que consonte ó disposto nos artigos 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada ó mesmo pola Lei 11/1999, do 21 de abril, a Lei 57/2003 de 16 de decembro, e 68.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos municipios de máis de 5.000 habitantes, existirán órganos que teñan por obxecto o estudio, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como da xestión do Alcalde, da Xunta de Goberno Local e dos concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ó Pleno.

Considerando que consonte ó estipulado nos artigos 20. 1 e), e 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 59.2.c) e 66.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986 a Comisión Especial de Contas existirá en tódolos Concellos.

Na súa virtude, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Constituí-la Comisión Especial de Contas, xa que a súa existencia é obrigatoria, a quen lle corresponderá o exame, o estudio e o informe da Conta Xeral e das demais contas anuais, e que estará composta acomodando a súa composición á proporcionalidade existente entre tódolos grupos políticos representados na Corporación, propoño a seguinte composición:

- P.SdeG-PSOE : catro (4) membros, incluído o Alcalde
- PP: dous (2) membros
- BNG : un (1) membro

Será Presidente nato o Sr. Alcalde, podendo delegar a Presidencia nun dos membros da Comisión Informativa, a proposta da propia Comisión e mediante elección no seu seno.

SEGUNDO.-As sesións ordinarias da Comisión celebraranse con anterioridade ó pronunciamento do Pleno sobre as contas anuais, e nos días e horas que fixe a Alcaldía. Poderanse asemade convocar sesións extraordinarias nos termos recollidos no artigo 134 do ROF.

TERCEIRO.- A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarse mediante escrito do Portavoz do mesmo dirixido ó Alcalde, e do que se dará conta ó Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente para cada titular.”

O Sr. Alcalde expón que a proposta mantense nos mesmos termos que a lexislatura anterior, ó tratarse dunha comisión de creación obrigatoria por lei, e que a representación por grupos políticos faise mantendo a que existe no pleno. Concede a palabra ós voceiros dos grupos políticos .

O voceiro do PP, D. Tomás Rodríguez Arias expón que o seu grupo trae outra proposta que lles parece mais proporcional ó número de concelleiros, e que sería a seguinte:



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tif. 982 501 001
Fax: 982 501 027

- *P.SdeG-PSOE : catro (3) membros, incluído o Alcalde*
- *PP: dous (3) membros*
- *BNG : un (1) membro*

Di que polo feito de ser mais proporcional, no caso de non admitir a súa proposta , votará en contra a proposta realizada pola Alcaldía.

O BNG amosa a súa conformidade ca proposta da Alcaldía.

Sometido o asunto a votación queda aprobado pola maioría absoluta do número legal de membros da corporación resultante dos sete votos a favor do PSOE e BNG, e os catro votos en contra do PP o seguinte acordo:

PRIMEIRO. **Constituí-la Comisión Especial de Contas, xa que a súa existencia é obrigatoria, a quen lle corresponderá o exame, o estudo e o informe da Conta Xeral e das demais contas anuais, e que estará composta acomodar a súa composición á proporcionalidade existente entre tódolos grupos políticos representados na Corporación, propoño a seguinte composición:**

- *P.SdeG-PSOE : catro (4) membros, incluído o Alcalde*
- *PP: dous (2) membros*
- *BNG : un (1) membro*

Será Presidente nato o Sr. Alcalde, podendo delegar a Presidencia nun dos membros da Comisión Informativa, a proposta da propia Comisión e mediante elección no seu seno.

SEGUNDO.-As sesións ordinarias da Comisión celebraranse con anterioridade ó pronunciamento do Pleno sobre as contas anuais, e nos días e horas que fixe a Alcaldía. Poderanse asemade convocar sesións extraordinarias nos termos recollidos no artigo 134 do ROF.

TERCEIRO.- A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarse mediante escrito do Portavoz do mesmo dirixido ó Alcalde, e do que se dará conta ó Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente para cada titular.

6.- CREACIÓN DA COMISIÓN DE VOCEIROS

Pola secretaría do Concello dáse lectura á proposta da Alcaldía que textualmente di:
"Considerando que consonte ó disposto nos artigos 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada ó mesmo pola Lei 11/1999, do 21 de abril, a Lei 57/2003 de 16 de decembro, e 68.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos municipios de máis de 5.000 habitantes, existirán órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como da xestión do Alcalde, da Xunta de Goberno Local e dos concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ó Pleno.



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

Considerando que hai asuntos que requiren o coñecemento de todos os grupos políticos propoño que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Constituí-la Comisión de voceiros, da que formarán parte os voceiros dos grupos políticos constituídos ou de ser o caso os seus suplentes. A súa función será tomar coñecemento de actuacións que aínda sendo de competencia da alcaldía ou da XGL se considere que deben ser postas en coñecemento do resto dos grupos políticos con anterioridade á celebración dun pleno.

Será Presidente nato o Sr. Alcalde, podendo delegar a Presidencia.

SEGUNDO.-As sesións da comisión de voceiros convocaranse polo Alcalde”

O Sr. Alcalde indica que propón a creación desta comisión pensando en manter informados a todos os grupos políticos no caso de que se dean circunstancias que o requiran e non estea previsto convocar un pleno.

O voceiro do grupo popular di que lle parece ben seguir coa existencia da comisión de voceiros, e o voceiro do BNG valora positivamente a mesma.

Sometido o asunto a votación queda aprobado por unanimidade de membros presentes que supón a maioría absoluta do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Constituí-la Comisión de voceiros, da que formarán parte os voceiros dos grupos políticos constituídos ou de ser o caso os seus suplentes. A súa función será tomar coñecemento de actuacións que aínda sendo de competencia da alcaldía ou da XGL se considere que deben ser postas en coñecemento do resto dos grupos políticos con anterioridade á celebración dun pleno.

Será Presidente nato o Sr. Alcalde, podendo delegar a Presidencia.

SEGUNDO.-As sesións da comisión de voceiros convocaranse polo Alcalde.

7.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Pola secretaría do Concello dáse lectura á proposta da Alcaldía que textualmente di:

“Consonte ó disposto no artigo 38.c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986, o Pleno debe proceder ó nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da súa competencia.

Xa que logo, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

A C O R D O

PRIMEIRO.-Nomear ós Concelleiros representantes desta Corporación nos seguintes órganos colexiados :

- CEIP de Xermade: D.ª Tamara Paz Balsa .



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

SEGUNDO *Notifica-lo presente acordo ós Concelleiros designados, ós Presidentes dos Consellos Escolares dos Centros Escolares devanditos, e ó resto de organismos."*

D. Tomás Rodríguez Arias di que non é quen para xuzgar a candidata proposta.

D. Óscar González Pardo, di que que non ten nada en contra da concelleira proposta, pero sinala que o BNG, como xa dixo na anterior sesión constitutiva, considera que sería mellor nomear un concelleiro relacionado co mundo escolar, neste caso D.^a María do Mar Hermida.

Sometido o asunto a votación resulta:

- Votos a favor: cinco (PSOE)
- Votos en contra:dous (BNG)
- Abstencións: catro (PP)

Queda aprobado por maioría simple do número legal de membros da corporación o seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Nomear ós Concelleiros representantes desta Corporación nos seguintes órganos colexiados:

- CEIP de Xermade: D.^a Tamara Paz Balsa.

SEGUNDO *Notifica-lo presente acordo ós Concelleiros designados, ós Presidentes dos Consellos Escolares dos Centros Escolares devanditos, e ó resto de organismos.*

8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓN PARCIAL, AISTENCIAS E DIETAS.

Pola secretaría do Concello dáse lectura á proposta da Alcaldía que textualmente di:

"Considerando as atribucións que a normativa vixente en materia de réxime local lles encomenda ó Alcalde e ós Concelleiros, esta Alcaldía estima que para acadar a maior eficacia no desempeño das mesmas, debe exercer-lo seu cargo con dedicación parcial o Alcalde , D. Roberto García Pernas, e débese actualizar a cantidade a percibir por asistencias a sesións de órganos colexiados por parte de todos os Concelleiros.

Xa que logo, ó abeiro do disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e no artigo 13 do Regulamento de Organizacións, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:



CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

PRIMEIRO.- Recoñecer unha dedicación parcial de 25 horas/semana, en horario de mañá,, cun **soldo bruto anual de 22.400 euros, a partir do 1 de xaneiro de 2016 (soldo bruto mensual de 1.600 euros)**, ó Alcalde- Presidente, cunha subida anual, cando estea prevista en orzamentos igual a subida regulamentada anualmente para o persoal nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. **Durante os meses que quedan para rematar o 2015, o soldo bruto mensual a percibir será de 1.435 euros.**

As Concellarías con dedicacións parciais non poderán percibir asistencias por asistencias a sesións de órganos colexiados, pero si indemnizacións (locomoción) polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación. A realización de outras actividades que impliquen ingresos deberá comunicarse á Corporación para a declaración de compatibilidade.

Segundo o artigo 75.2 da Lei de Bases do Réxime Local, os membros das corporacións locais que sexan persoal das Administracións Públicas unicamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial fora da xornada de traballo, nos termos fixados no artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

O artigo 5.2 da lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal, establece que a Administración na que preste servizos o membro da corporación local en réxime de dedicación parcial e a propia corporación **deberán comunicarse reciprocamente a xornada de traballo e as retribucións percibidas, e as modificacións que se leven a cabo.**

Sendo que o Alcalde é funcionario da Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Axente Facultativo, grupo C. o Pleno acorda a súa compatibilidade ó non incorrer en ningún dos supostos previstos na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, e ó non prexudicar ó horario establecido para esta dedicación.

TERCEIRO.- Establecer a contía a percibir por asistencias, dietas e locomoción nas seguintes cantidades:

- Asistencias a órganos colexiados (Pleno, Comisión Especial de Contas, Xunta de Goberno Local e Consello Escolar): **60 €**, cun tope máximo anual de 12 sesións de pleno, 36 sesións de Xunta de Goberno, 3 sesións de Comisión Especial de Contas e 8 de sesións de Consello Escolar. **A devandita contía será efectiva a partir do 1 de xaneiro de 2016.**

- Indemnizacións por razón do servizo: as establecidas na Lexislación xeral do Estado, RD 462/2002 de 24 de maio, e nas bases de execución do orzamento referidas a saídas fora do termo municipal.

- Locomoción: a establecida na lexislación Xeral do estado, RD 462/2002 de 24 de maio.

- Tesourería: 100,00 €/mes

CUARTO.- Dar conta a Intervención para que adopte as medidas oportunas e realice as necesarias modificacións no orzamento.

QUINTO.- Publicar este acordo no BOP a efectos de alegacións, transcorridos os cales, se non se presentasen se entenderá aprobado definitivamente.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, e di que inicialmente a proposta fixaba unha contía líquida pola sinxela razón de que o IRPF é diferente no que queda de ano, por cotizar por medio



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

ano, que no sucesivo cando a cotización sexa por ano completo. Informa de que está a súa disposición o cuadrante de quendas de traballo que serve para acreditar que a dedicación parcial é compatible co seu posto de traballo para a administración autonómica, requisito esixido pola lexislación en materia de incompatibilidades do persoal ó servizo da administración.

O voceiro do PP pregunta polo tema do horario de atención aos veciños, xa que lembra que o Pleno ten que apreciar que existe compatibilidade entre os cargos que desenvolve. Tamén quere saber se os concelleiros con delegacións van ter dietas.

Por parte do BNG fórmase a mesma dúbida, e dicir, qué horario vai dedicar ó concello, xa que polo traballo que ten pode solicitar unha redución de xornada dun vinte por cento sen baixada salarial. Sinala que entre os dous traballos vai percibir un salario aproximadamente de tres mil euros, cando que o salario medio en Galicia é de mil cincocentos, o que lle parece excesivo non facendo para vinte e cinco horas semanais que vai dedicar ó concello e non facendo uso da redución de xornada que lle permite a lei. En relación coa proposta de subir a contía fixada para as asistencias á sesenta euros, di que dada a situación actual de crise económica o mellor sería manter os corenta e cinco euros que se perciben na actualidade. Por último, e en relación a proposta de nomeamento de tesoureiro, valora que sexa un funcionario do concello o que desenvolva o posto, xa que se minoran gastos de desprazamento e hai unha maior dispoñibilidade, pero di que cen euros parécello moito, e remata dicindo que sería bo que a contía foran os corenta e cinco euros que perciben os concelleiros por asistencia aos órganos colexiados.

O Alcalde, responde que aínda que a proposta de alcaldía di que a dedicación sexa de vinte e cinco horas semanais, o horario de atención ó público será de doce e media a dúas e media aproximadamente, xa que ó levar persoalmente o tema das obras vai ter que andar por todo o concello, e que ademais haberá días que teña que viaxar por razóns do concello, e que este horario é orientativo xa que moitos días estará no concello máis horas das fixadas. Comunica que falou co seu xefe para cambiar as quendas de traballo e poder asistir ao concello todas as mañás cando lle toque traballar de mañá, pois ten moita flexibilidade horaria.

En relación coa proposta de aumento das asistencias di que a xustificación é a de os que teñen que vir de fora, a modo de compensación, e que no é un importe excesivo, e sobre a tesourería di que a proposta de nomeamento dun funcionario obedece ademais de a comodidade e dispoñibilidade, a necesidade de dar cumprimento á normativa, xa que co tempo a tesourería terá que cubrirse por funcionarios de habilitación estatal; a función de tesourería da traballo e esixe responsabilidade, o que é necesario recompensar.

Remata informando aos concelleiros de que a información suministrada é de carácter confidencial pois no mesmo aparecen datos confidenciais, polo que pide que non se faga pública.

Toma a palabra D. Tomás Rodríguez Arias, e di que considera excesivo o salario proposto polas escasas dúas horas de atención ó público, comparando o que percibía el na anterior lexislatura, pois parécelle pouco tempo.



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

A concelleira D^a María do Mar Hermida Pico manifesta que despois da explicación da alcaldía sobre dedicación e horarios, xa ten claro que non quere estar ó servizo dos veciños e mais cando o traballo que ten como funcionario da Xunta permite a posibilidade de redución dun vinte por cento do horario, sen restrición económica e que non vai optar por dita posibilidade; sobre a información aportada polo alcalde relativa aos horarios de traballo, para a que pide aos concelleiros discreción polos datos de carácter persoal que reflexa a mesma, di que non lle parece ben que traslade ó Pleno ese problema, xa que unicamente é algo persoal. Expón que todos os que se presentan a política municipal saben o traballo que ten cada un, e a maiores dada a flexibilidade horaria do posto que ten como funcionario de medio ambiente e a liberdade, maior da que teñen o resto de traballadores non se explica que pretenda dedicar exclusivamente dúas horas ó público. Recrimina que a súa proposta non explica se as delegacións de competencias, polo que esixe que se detalle, e lembra que se na anterior lexislatura consideraba elevado o salario o de agora é peor.

O Alcalde responde ó tema das retribucións das delegacións, que os concelleiros que teñan que ir a algún sitio por motivos relativos ó seu ámbito competencial percibirán a dieta legal correspondente.

En relación coas críticas sobre o tempo de atención ó público di que hai que distinguir estar atendendo ó público de estar á disposición dos veciños, para o que non hai limitación horaria; as avarías ou problemas que aparecen non entenden de horarios, xa que poden xurdir de tarde, de noite o na fin de semana. Haberá días que estea dúas horas, tres o mais, ou menos por ter que viaxar a Lugo, Santiago

No segunda intervención, o voceiro do grupo popular di, en relación co último comentario apuntado polo alcalde, relativos as viaxes por motivos institucionais, que na anterior lexislatura ademais da súa presenza no concello contaba coa dedicación de Antonio, que estaba todas as mañás no concello .

Toma a palabra a concelleira do BNG D.^a María do Mar Hermida Pico e insiste no tema das asistencias, en que xa catro anos atrás, fixo a proposta de baixar a contía, e responde ó argumento do alcalde de compensar a xente que ven de lonxe dicindo por alusión, xa que a que ela é a que vive mais lonxe, que cando as persoas se presentan as eleccións, son conscientes desta situación e das consecuencias que ten ser membro dun órgano colexiado; considera suficiente a contía percibida na actualidade, aínda que a todo o mundo lle vai ben cobrar máis, hai que ser consecuentes coa situación actual de crise económica, na que incluso a asistencia aos plenos podería ser gratuíta.

O Alcalde remara dicindo que mantén a súa proposta polos motivos argumentados, e que na maioría de concellos perciben asistencias superiores.

Sometido a votación resulta:

- Votos a favor: cinco (PSOE)
- Votos en contra:dous (BNG)
- Abstencións: catro (PP)



CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

Queda aprobado por maioría simple, resultante dos cinco votos a favor dos concelleiros do grupo socialista municipal, a abstención dos catro concelleiros do grupo popular e dous votos en contra do BNG, o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Recoñecer unha dedicación parcial de 25 horas/semana, en horario de mañá, cun soldo bruto anual de 22.400 euros, a partir do 1 de xaneiro de 2016 (soldo bruto mensual de 1.600 euros), ó Alcalde- Presidente, cunha subida anual, cando estea prevista en orzamentos igual a subida regulamentada anualmente para o persoal nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Durante os meses que quedan para rematar o 2015, o soldo bruto mensual a percibir será de 1.435 euros.

As Concellarías con dedicacións parciais non poderán percibir asistencias por asistencias a sesións de órganos colexiados, pero si indemnizacións (locomoción) polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación. A realización de outras actividades que impliquen ingresos deberá comunicarse á Corporación para a declaración de compatibilidade.

Segundo o artigo 75.2 da Lei de Bases do Réxime Local, os membros das corporacións locais que sexan persoal das Administracións Públicas unicamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial fora da xornada de traballo, nos termos fixados no artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

O artigo 5.2 da lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal, establece que a Administración na que preste servizos o membro da corporación local en réxime de dedicación parcial e a propia corporación deberán comunicarse recíprocamente a xornada de traballo e as retribucións percibidas, e as modificacións que se leven a cabo.

Sendo que o Alcalde é funcionario da Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Axente Facultativo, grupo C. o Pleno acorda a súa compatibilidade ó non incorrer en ningún dos supostos previstos na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, e ó non prexudicar ó horario establecido para esta dedicación.

TERCEIRO.- Establecer a contía a percibir por asistencias, dietas e locomoción nas seguintes cantidades:

- Asistencias a órganos colexiados (Pleno, Comisión Especial de Contas, Xunta de Goberno Local e Consello Escolar): 60 €, cun tope máximo anual de 12 sesións de pleno, 36 sesións de Xunta de Goberno, 3 sesións de Comisión Especial de Contas e 8 de sesións de Consello Escolar. A devandita contía será efectiva a partir do 1 de xaneiro de 2016.

- Indemnizacións por razón do servizo: as establecidas na Lexislación xeral do Estado, RD 462/2002 de 24 de maio, e nas bases de execución do orzamento referidas a saídas fora do termo municipal.

- Locomoción: a establecida na lexislación Xeral do estado, RD 462/2002 de 24 de maio.

- Tesourería: 100,00 €/mes

CUARTO.- Dar conta a Intervención para que adopte as medidas oportunas e realice as necesarias modificacións no orzamento.



CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)

Tif. 982 501 001
Fax: 982 501 027

QUINTO.- Publicar este acordo no BOP a efectos de alegacións, transcorridos os cales, se non se presentasen se entenderá aprobado definitivamente."

9- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NOMEANDO TENENTES DE ALCALDE.

Pola secretaría do Concello dáse lectura á proposta da Alcaldía que textualmente di:

Decreto: 254/2015

Fecha decreto: 06 /07/2015

Texto fecha decreto: seis de xullo de dous mil quince

Descripción decreto : nomeamento de tenentes de Alcalde

DON ROBERTO GARCÍA PERNAS, ALCALDE DO CONCELLO DE XERMADE, (LUGO).-

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/99, do 21 de abril e por Lei 57/2003 de 16 de decembro; 62 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986,

Resolvo:

Primeiro.- Nomear tenentes de alcalde ós Concelleiros seguintes, e pola orde que se sinala:

1º. D.José Prieto Barro.

2º. D.Luis Vilasuso Seco.

3º. D. Carlos Alberto Guerra González.

Ós tenentes de alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír ó alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeña-las funcións de alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Segundo.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente ós designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, en Xermade , a 6 de xullo de 2015

O Alcalde-Presidente

Ante min
A Secretaria



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tif. 982 501 001
Fax: 982 501 027

Asdo: Roberto García Pernas.

Asdo: Ana Elena Fernández del Valle.

O Concello Pleno dáse por enterado.

10.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA FACENDO DELEGACIÓNS EN CONCELEIROS.

Decreto: 255/2015

Fecha decreto: 06/07/2015

Texto fecha decreto: seis de xullo de dous mil quince

Descrición decreto : delegacións en Concelleiros

DON ROBERTO GARCÍA PERNAS , ALCALDE DO CONCELLO DE XERMADE, (LUGO).-

Ó abeiro do disposto nos artigos 21.2 e 23.4 da Lei 7/85, de 2 de abril , reguladora das Bases de Réxime Local e 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, o Alcalde poderá delegar o exercicio das súas atribucións na Xunta de Goberno Local e nos Tenentes de Alcalde, así como delegar cometidos específicos en calquera concelleiro aínda que non pertenza á Xunta de Goberno.

Xa que logo, e en uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 e 21.2 e 23.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; 61.3 e 4 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986,

RESOLVO:

-Primeiro.- Facer delegacións especiais ós seguintes concelleiros nos servizos que se relacionan:

- D. Roberto García Pernas: Facenda, Administración Local e Obras.
- D. Carlos Alberto Guerra González: Urbanismo, Sanidade, Deportes e Turismo.
- D. José Prieto Barro: Benestar Social, Dinamización Local e Emprego.
- D. Luis A. Vilasuso Seco: Medio Ambiente, Rural e Forestal.
- D^a Tamara Paz Balsa: Educación, Cultura, Xuventude e Igualdade.

-Segundo. A delegación inclúe as facultades de dirección interna e xestión dos servizos, non incluíndo a facultade de resolver ningún expediente.

-Terceiro.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que este celebre, notificarase persoalmente ós designados e publicaranse no Boletín Oficial da



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tif. 982 501 001
Fax: 982 501 027

Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da data en que se dicta a mesma, consonte co disposto nos apartados 2 e 4 do artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986.

Mándao e asíno o señor Alcalde-Presidente, en Xermade, a 6 de xullo de 2015, do que eu, secretaria, dou fe.-

O Alcalde-Presidente

Asdo: Roberto García Pernas

Ante mín

A Secretaria

Asdo: Ana Elena Fernández del Valle.

11.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NOMEANDO TESOUREIRO

Pola secretaría do Concello dáse lectura á proposta da Alcaldía que textualmente di:

Decreto: 228/2015

Fecha decreto: 17/06/2015

Texto fecha decreto: dezasete de xuño de dous mil quince.

Descrición decreto: nomeamento de Tesoureiro.

D.ROBERTO GARCÍA PERNAS, ALCALDE DO CONCELLO DE XERMADE, (LUGO),

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/99, do 21 de abril e por Lei 57/2003 de 16 de decembro; 62 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, e tendo en conta que o artigo 2.f do Real Decreto 1732/1994 de 29 de xullo establece que nas Corporacións Locais con Secretaría de clase terceira a responsabilidade de tesourería poderá ser atribuída a membro da Corporación

Resolvo:

Primeiro.- Nomear como Tesoureiro do Concello a D^a Iria María Pico Roca, DNI 33.345.800-D, funcionaria do Concello, na categoría de auxiliar administrativa ó cal lle corresponderán todas as funcións que a lexislación encarga á Tesourería, segundo os artigos 175 e seguintes da Lei de Facendas Locais.

Segundo.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente ós designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, en Xermade, a 17 de xuño de 2015



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

O Alcalde-Presidente

Roberto García Pernas

Ante min

A Secretaria

Ana Elena Fernández del Valle.

A corporación dáse por enterada.

12.- APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO : TC 4/2015; TC 6/2015; TC 8/2015; TC 9 /2015.

A) TC 4/2015: TRANSFERENCIA ENTRE PARTIDAS 920.120 E 459.619: PARQUE INFANTIL CANDAMIL.

Ante a existencia de gastos que non se poden demorar ata o seguinte exercicio, para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, e xa que cabe efectuar transferencias de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas pertencentes a aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.

Vistos o informe de Secretaría –Intervención do día 15 de xuño de 2015 sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debía seguir , a memoria da Alcaldía e así como o certificado de dispoñibilidade de crédito a minorar.

O voceiro do grupo popular D. Tomás Rodríguez Arias di que o seu grupo apoia o acordo xa que se trata dun proxecto do seu grupo.

A concelleira do BNG Mar Hermida Pico di que o seu grupo vaise abster xa que non se van opoñer á construción de ningún parque infantil pero consideran que o PP non fixo unha boa elección escollendo Candamil para contruir un parque infantil por ser a parroquia con menos nenos do concello; descoñece o criterio seguido, e considera que o mellor era renunciar á subvención pola importante aportación municipal.



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

Por alusións, D.Tomás Rodríguez Arias di que o PP escolleu o que consideraron mellor, e di que nalgunha parroquia arrancaron parte das instalación do parque. Candamil e unha parroquia como outra e que a maiores conta con bo acceso.

O Alcalde, di que a pesar de ter que aportar unha importante contía o concello, considera que cantas máis obras se fagan mellor

O Pleno, adopta por maioría absoluta resultante dos nove votos a favor dos concelleiros do grupos socialista , do grupo popular municipal e dúas abstencións do BNG o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Que se aprobe o expediente de modificación de créditos núm. 4/2015 na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
459	619	Inversións infraestruturas municipais	12.206,84
		TOTAL GASTOS	12.206,84

Baixas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
920	120	Retribucións funcionarios	12.206,84
		TOTAL GASTOS	12.206,84



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

B) TC 6/2015 : TRANSFERENCIA ENTRE PARTIDAS 241.226; 241.143 E 920.212: REPARACIÓN DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN.

Ante a existencia de gastos que non se poden demorar ata o seguinte exercicio, para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, e xa que cabe efectuar transferencias de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas pertencentes a aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.

Vistos o informe de Secretaría –Intervención do día 15 de xuño de 2015 sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debía seguir , a memoria da Alcaldía e así como o certificado de dispoñibilidade de crédito a minorar.

O Pleno, adopta por unanimidade o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. Que se aprobe o expediente de modificación de créditos núm. 6/2015 na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
920	212	Edificios e outras construcións	3.298,12
		TOTAL GASTOS	3.298,12

Baixas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
241	226	Fomento de emprego: gastos diversos	2.672,55
241	143	Fomento de emprego : outro persoal	625,57
		TOTAL GASTOS	3.298,12

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

D. Tomás Rodríguez Arias, di que esta era unha modificación pendente, e D^a María do Mar Hermida Pico pregunta polo destino do crédito, se hai previsión de facer algo concreto ó é un mero axuste contable.

O alcalde explica a xustificación da transferencia , pola necesidade de dotar de crédito a unha partida tras imputar á mesma un gasto non previsto no momento da elaboración inicial do orzamento.



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

**C) TC 8/2015: TRANSFERENCIA ENTRE PARTIDAS 920.121 ;450.600 E
172.227 : TRABALLOS DE DESBROCE.**

Ante a existencia de gastos que non se poden demorar ata o seguinte exercicio, para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, e xa que cabe efectuar transferencias de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas pertencentes a aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.

Vistos o informe de Secretaría –Intervención do día 1 de xullo de 2015 sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debía seguir , a memoria da Alcaldía e así como o certificado de dispoñibilidade de crédito a minorar, o Alcalde explica que a necesidade de transferir crédito obedece a imputación á partida de desbroces dunha factura de limpeza de concentracións parcelarias, o voceiro do BNG , D. Óscar González Pardo, pregunta cando se levaron a cabo ditos traballos pois di que o desbroce fíxose o ano pasado.

O Pleno, adopta por maioría absoluta resultante dos nove votos a favor dos concelleiros do grupo socialista e do grupo popular municipal e dúas abstencións do BNG o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. Que se aprobe o expediente de modificación de créditos núm. 8/2015 na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria	Descrición	Euros
--------------------------------	-------------------	--------------



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

172	227	Protección do Medio Ambiente: traballos realizados por outras empresas.	4.000,00
		TOTAL GASTOS	4.000,00

Baixas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
920	121	Retribucións complementarias: funcionarios	2.500,00
450	600	Inversión en terreos	1.500,00
		TOTAL GASTOS	4.000,00

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

D) TC 9/2015: TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE PARTIDAS 231.226 E 920.121 ; 920.160: CAMPAMENTO INFANTIL DE VERÁN .

Ante a existencia de gastos que non se poden demorar ata o seguinte exercicio, para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, e xa que cabe efectuar transferencias de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas pertencentes a aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tif. 982 501 001
Fax: 982 501 027

Vistos o informe de Secretaría –Intervención do día 2 de xullo de 2015 sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debía seguir , a memoria da Alcaldía e así como o certificado de dispoñibilidade de crédito a minorar; toman a palabra os representantes dos grupo políticos, en primeiro lugar , o voceiro do PP di que están conformes coa proposta de modificación , e a continuación D^a María do Mar Hermida Pico, di que aínda que sempre pensa nos veciños e como persoa que trae aos seus fillos campamento, considera conveniente cobrar ás familias unha cantidade simbólica xa que sempre se valora máis o que non resulta gratuíto, primeiro para valoralo e para a xente de fora do concello. O Alcalde di que non lle parece mala idea, xa que as veces non valoramos as cousas cando son gratis.

O Pleno, adopta por unanimidade seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. Que se aprobe o expediente de modificación de créditos núm. 9/2015 na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
231	226	Asistencia social: gastos diversos.	4.000,00
		TOTAL GASTOS	4.000,00

Baixas en aplicacións de gastos



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
920	121	Retribucións complementarias: funcionarios	2.000,00
920	160	Cotas sociais. funcionarios	2.000,00
		TOTAL GASTOS	4.000,00

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**13.- DESAFECTACIÓN DEFINITIVA DUN TRAMO DE PARCELA PARA A
CESIÓN Á DEPUTACIÓN ; ESTRADA MOMÁN- AS PONTES.**

Visto que mediante Providencia de Alcaldía de data 24 de abril iniciouse expediente para proceder á desafectación da parcela, denominada Horta do Mestre, propiedade deste Concello e cualificada como ben de dominio público, sita en Momán desta localidade, e a súa posterior declaración como parcela sobrante.

Visto que con data 24 de abril , emitíuse informe de Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable en relación con este asunto.

Visto que con data 24 de abril, emitíuse informe polos Servizos Técnicos sobre a situación física e xurídica do ben.

Visto que con data 23 de abril solicitouse certificación acreditativa da inscrición de devandito ben no Rexistro de Bens da Propiedade de Vilalba e emitíuse certificado de Secretaría sobre a situación do Inventario de Bens deste Concello.



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

Visto que con data 27 de abril de 2014 a desafectación da parcela con referencia catastral 2686703NH9928N0001XD, Horta do Mestre, sita en Momán foi aprobada inicialmente por acordo do Pleno da Corporación.

Visto que con data 12 de maio de 2015 , publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 106, de data 12 de maio e no taboleiro de anuncios do Concello sometendo o expediente a un período de información pública dun mes.

Visto que durante o período de información pública, non se presentaron alegacións.

Visto o Informe de Secretaría de data 16 de xuño e de conformidade co disposto nos artigos 22.2.l) e 47.2.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno adopta por maioría absoluta resultante dos nove votos a favor dos concelleiros do grupo socialista e popular, e as dúas abstencións dos concelleiros do BNG, o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente a desafectación da parcela con referencia catastral 2686703NH9928N0001XD, Horta do Mestre, sita en Momán,propiedade deste Concello, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.

SEGUNDO . Declarar a parcela descrita como parcela sobrante, de conformidade cos artigos 7 e 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

TERCEIRO . Anotar no Libro Inventario de Bens da Corporación a alteración da cualificación xurídica que sufriu o ben inmovible, e trasladar ao Rexistro da Propiedade para que proceda a deixar constancia deste cambio mediante os correspondentes asentos ou anotacións rexistras.

CUARTO. Notificar o presente Acordo aos interesados que comparecesen no expediente.

QUINTO . Facultar ao Alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios en orde á execución dos precedentes Acordos.



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

SEXTO. Iniciar expediente para ceder formal e gratuitamente o devandito ben á Deputación provincial .

SÉTIMO. Someter o expediente a un período de información pública por prazo de vinte días mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes.

OITAVO . Remitir o expediente para o seu coñecemento á Consellería competente en materia de Administración Local.

O voceiro do PP di que este acordo é consecuencia do expediente tramitado baixo o seu mandato e o concello comunicou á Deputación a necesidade de seguir o procedemento legal oportuno. A concelleira do BNG di que no seu momento non votou a favor pola presentación do asunto mediante moción de urxencia, sen apreciar a mesma e por non votar a favor dun documento en branco.

14.- INCOACIÓN DE OFICIO DO EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO SITO NO LUGAR DE AS CASAS NOVAS –XERMADE.

Vistas as actuacións realizadas polos servizos municipais ,iniciando de novo procedemento de investigación da titularidade dun camiño, unha vez rematado o procedemento tramitado a instancia de parte, mediante denuncia , e declarado caducado polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo ,en relación coa titularidade dun camiño sito no Lugar de As Casas Novas, parroquia de Xermade.

Vistos os informes e estudos necesarios para determinar se concorren os presupostos para o exercicio da potestade.

Unha vez realizada a tramitación legalmente establecida e unha vez visto o informe de Secretaría do día 1 de xullo de 2015 , conforme o artigo 49 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, o Pleno, adopta, por *unanimidade* o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Que se incoe o expediente de investigación da titularidade do camiño camiño de servizo público, que discorre entre as fincas 5902707NJ9050S001EB e 6001401NJ9060S0001JQ, no Lugar de As Casas Novas, parroquia de Xermade que



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

presuntamente pertencen á corporación local, e que se soliciten dos rexistros que procedan todos os antecedentes e datos que consten relativos ao devandito ben investigados.

Incorporaranse ao expediente as certificacións que se expidan para tal efecto.

SEGUNDO. Que se publique o acordo de iniciación no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, e que se expoña no taboleiro de anuncios do Concello de Xermade, en que radiquen o ben, un exemplar dos ditos boletíns durante un prazo de quince días.

TERCEIRO. Que se traslade o acordo de iniciación á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma para que, de ser o caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

CUARTO. Que se lles notifique aos afectados polo expediente de investigación que resulten coñecidos e identificables.

QUINTO. Que se abra un trámite de información pública por prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao día en que se deba dar por rematada a publicación dos anuncios no taboleiro da corporación, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan alegar por escrito todo o que consideren conveniente para o seu dereito ante a corporación, para o que achegarán todos os documentos en que baseen as súas alegacións.

SEXTO. Unha vez finalizado o prazo para presentar alegacións, que se abra un período de proba por un prazo de dez días, no que serán admisibles os seguintes elementos:

— Os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados de acordo co Dereito.

— O recoñecemento e ditame pericial.

— A declaración de testemuñas.

SÉTIMO. Unha vez practicadas as probas e valoradas polos servizos da corporación, porase de manifesto o expediente ás persoas ás que afecte a investigación e comparecesen nel, para que, durante un prazo de 10 días, aleguen o que crean conveniente para o seu dereito.



**CONCELLO
DE
XERMADE
(LUGO)**

Tlf. 982 501 001
Fax: 982 501 027

O Alcalde explica a situación actual, unha vez emitida sentenza apreciando a caducidade do procedemento, e somete á decisión do Pleno a posibilidade de reiniciar o expediente.

Toma a palabra D. Tomás Rodríguez Arias, e di que considera adecuado reiniciar o expediente .


D^a María do Mar Hermida Pico di que despois de ter que pagar mil euros en concepto de costas do proceso, considera que é un tema individual, persoal , que se debe dirimir no xulgado, e que o xuíz dite unha sentenza; o prazo de tres meses para resolver parécelle moi breve, polo que hai que ser moi áxiles na tramitación. Fai referencia ó informe técnico ou estudo previo que valora se concorren os presupostos necesarios para iniciar a acción investigadora.

A concelleira do grupo popular, D^a Isabel Campello Ares fai referencia a que ó existir caducidade o procedemento se retrotraerá ó momento inicial e terán que emitirse de novo os informes preceptivos.

O Alcalde di que no PXOM o camiño consta como público ademais doutros indicios, e que parecería certa deixadez polo Concello non seguir coa tramitación.

Rematadas as intervencións, e non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, sendo as nove horas e quince minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do Alcalde e da Secretaria que da fe.

V.e Pr.
O Alcalde



Roberto García Pernas.

A Secretaria Interventora



Ana Elena Fernández del Valle